

# SonDeSeu clausura a súa xira de aniversario cun concerto acústico en Santiago de Compostela

A orquestra folk de Galicia actuará o sábado 18 de xuño no Auditorio de Galicia e as entradas para gozar do espectáculo están dispoñibles na web [www.ataquilla.com](http://www.ataquilla.com)



*Concerto inaugural da xira 20 aniversario en Vigo o pasado 12 de maio (Foto: Nando Iglesias)*

Santiago, 7 de xuño de 2022.- A **Orquestra Folk de Galicia SonDeSeu** vai poñer o ramo a súa xira de celebración do XX aniversario cun concerto no **Auditorio de Galicia en Santiago de Compostela o vindeiro 18 de xuño**. Este espectáculo da agrupación dirixida por Rodrigo Romani, un dos proxectos musicais máis senlleiros do país, é posible grazas á colaboración do Concello de Santiago de Compostela e as entradas pódense adquirir no espazo web [www.ataquilla.com](http://www.ataquilla.com).

A veterana orquestra repite en Santiago o formato acústico sen amplificación que tan boa acollida tivo de público e crítica nos concertos previos de Vigo, Lugo e A Coruña. Esta singular proposta está concibida como un convite para compartir cos asistentes a experiencia de asistir a un ensaio de SonDeSeu e experimentar a mesma sonoridade que teñen os 60 integrantes da orquestra cando tocan ao natural. Alén diso, no transcurso do concerto vanse proxectar vídeos creados *ex professo* para esta xira co gallo de celebrar dúas décadas de actividade a prol da música galega.

SonDeSeu comezou a súa andaina hai dúas décadas como unha actividade de conxunto instrumental coa intención de facer e compartir, colectivamente, a música tradicional galega. Co paso dos anos, a entidade medrou a base de ilusión, esforzo e xenerosidade colectiva, tanto por parte do alumnado coma do seu profesorado, creando **novas vías para a comprensión da evolución das músicas de raíz desde a óptica do século XXI**.

X X A N I V E R S A R I O

**SONDESEU**

ORQUESTRA FOLK DE GALICIA



Sobranceiras figuras e mestres como **Rodrigo Romaní, Begoña Riobó, Anxo Pintos, Xisco Feijoó, Xaquín Xesteira, Alfonso Franco e Xosé Liz** forman parte deste proxecto educativo e musical, hoxe en día vinculado á ETRAD (Escola Municipal de Vigo de Música Folk e Tradicional), que favoreceu a creación dunha **prometedora e efectiva canteira artistas musicais que transmiten a tradición desde a contemporaneidade**. Durante estes anos, ademais, bandas e músicos como Treixadura, Susana Seivane, Rosa Cedrón, Uxía Senlle, Carmen París ou Nino Galissa colaboraron dun xeito estreito con SonDeSeu.

## SonDeSeu

A Orquestra Folk de Galicia SonDeSeu nace hai vinte anos no seo do extinto Conservatorio de Música Tradicional da Universidade Popular de Vigo, a actual ETRAD. **A agrupación explora a fusión e mestura das músicas de creación colectiva con elementos contemporáneos desde unha visión orixinal que se aproxima, ás veces, ás expresións da música culta**. Ao tempo, desde a perspectiva educativa, crea sinerxías poderosas e un tramado completo tanto á hora formativa como á hora de presentar un colectivo sólido e pioneiro en Europa.

A suma da creatividade colectiva e a posta en valor da música de raíz ao longo destas dúas décadas materializáronse en **numerosos proxectos de investigación no ámbito da música folk** e eventos singulares como o 'Libro branco da educación en música tradicional', 'O canto das Illas', 'Arraianos' ou a Rede Europea de Orquestras Folk ENFO. Estas iniciativas sitúan **SonDeSeu como un referente da música galega tanto no país coma noutros puntos da península e de Europa**.

### XIRA XX ANIVERSARIO SONDESEU

**Solicitud de acreditacións: até ás 14 horas do xoves 16 de xuño  
vía correo electrónico a [lucia.pita@theofficeco.es](mailto:lucia.pita@theofficeco.es) ou [bea@theofficeco.es](mailto:bea@theofficeco.es)**

**ENTRADAS: [bit.ly/entradasSDS](https://bit.ly/entradasSDS)**

**+ INFO: [sondeseu.org](http://sondeseu.org)**

#### **Contacto de prensa XX aniversario SonDeSeu**

Lucía Pita | 675 404 321 - [lucia.pita@theofficeco.es](mailto:lucia.pita@theofficeco.es)

Bea Pérez | 604 070 409 - [bea@theofficeco.es](mailto:bea@theofficeco.es)

#### **Kit de prensa XX aniversario SonDeSeu**

[https://www.dropbox.com/sh/jsjdy69hws03hud/AAD9oiX-W6f\\_s4fEGhN4a7uOa?dl=0](https://www.dropbox.com/sh/jsjdy69hws03hud/AAD9oiX-W6f_s4fEGhN4a7uOa?dl=0)